

## Un pouco de historia.

A celebración do Día das Letras Galegas, cada 17 de Maio, ten a súa orixe no ano 1963, data na que os membros da Real Academia Galega pretendían conmemorar o **centenario** da publicación de "*Cantares Gallegos*", de **Rosalía de Castro**, que está considerada como a obra que inicia o **Rexurdimento** da cultura e literatura galega.

Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo foron os membros da Academia que propuxeron **homenaxear** a algún escritor ou escritora, que exaltara e promocionara a nosa lingua. Un requisito imprescindible, ata o de agora, é que a figura homenaxeada finara, polo menos, dez anos antes.

Como non podía ser doutro xeito, a **primeira escritora homenaxeada**, no ano 1963, foi a mesma Rosalía de Castro seguíndolle en anos posteriores: Alfonso Castela, Eduardo Pondal, Francisco Añón, Curros Enríquez, López Cuevillas, Noriega Varela...

Desde 1991, dezaoto anos despois da súa institución, o Día das Letras Galegas é **festividade oficial en Galicia**. Constitúe, ademais, a meirande conmemoración da nosa cultura e, arredor dela, desenvólvense numerosos actos organizados desde a Academia, a Xunta de Galicia, os concellos, os centros de ensino e outras entidades ou agrupacións civís que participan, en conxunto, no labor de coñecer, honrar e difundir a memoria e a obra da persoa homenaxeada.

A Real Academia Galega celebrou o pasado 2006 os seus cen primeiros anos de historia.

Fontenla Leal e Manuel Curros Enríquez, dende Habana, deron os primeiros pasos para a creación dun organismo que loitara pola lingua e a cultura galega e así, un 30 de setembro de 1906 celebrouse no salón de actos da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña a constitución e primeira reunión da Real Academia Galega.

A primeira sede foi no Pazo Municipal de A Coruña, pasando posteriormente a un edificio da Rúa Tabernas, propiedade dunha das académicas, a condesa de Pardo Bazán.

O seu primeiro presidente foi o historiador **Manuel Murguía**, marido de Rosalía de Castro.